

PMC/jrf

EXPEDIENTE	2024014382
ASUNTO	Subministración de dous fornos industriais para a cociña xeral do Centro Príncipe Felipe
TRÁMITE	Recoñecemento da sucesión do contratista GARCÍA RODRÍGUEZ HERMANOS HOSTELERÍA, S.L. (CIF: B33070822), a favor de GARCÍA RODRÍGUEZ GIJÓN, S.A.(A33630278)

A Deputada Delegada da Área de Infraestruturas públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Mediante Resolución Presidencial nº 2024004650, de data 05/06/2024, adjudicouse o contrato de "Subministración de dous fornos industriais para a cociña xeral do Centro Príncipe Felipe" á empresa GARCÍA RODRÍGUEZ HERMANOS HOSTELERÍA, S.L. (CIF: B33070822).

O contrato formalizouse na mesma data, establecéndose dende entón un prazo máximo de execución de 6 semanas, dacordo co ofertado pola empresa.

Con data 04/07/2024, a empresa GARCÍA RODRÍGUEZ HERMANOS HOSTELERÍA, S.L. (CIF: B33070822) presenta no Rexistro desta Deputación (REX_WEB2024044838) comunicación de fusión por absorción da mesma a favor de GARCÍA RODRÍGUEZ GIJÓN, S.A.(A33630278), subrogándose esta última en tódolos seus dereitos e obrigacións (CSV: FCYHIYMoT3WLG3F3)

A empresa achega ó expediente a escritura notarial de fusión das empresas, de data 02/05/2024; a inscrición total da mesma no Rexistro Mercantil de Asturias, con data 24/05/2024; e a circular emitida pola sociedade absorbida con data 01/07/2024, data na que se fai efectiva dita inscrición.

Considerando o art. 98 da LCSP, ó tenor do cal "*Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo. (...) Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciuse*"

Á vista do exposto, resultando que por Resolución da Presidencia número 2024005761, de 10 de xullo do 2024, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, delegáronse na Deputada María Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, **RESOLVO:**



1. **Recoñecer a sucesión do contratista** no contrato de "Subministración de dous fornos industriais para a cociña xeral do Centro Príncipe Felipe", entendendo subrogada a entidade GARCÍA RODRÍGUEZ GIJÓN, S.A.(A33630278) nos dereitos e obrigas que correspondían a GARCÍA RODRÍGUEZ HERMANOS HOSTELERÍA, S.L. (CIF: B33070822), con efectos desde o día 01/07/2024.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

